

A época estival supón un tempo fértil para fomentar o desenvolvemento dos máis novos, así como para gozar do compañeirismo, coñecer a cidade e ter un abano de ricas e variadas experiencias. O Concello da Coruña presenta unha oferta diversa, coa intención de intervir neste tempo de lecer de maneira formativa e dar resposta ás necesidades das familias unha vez finalizada a época escolar.

A cidade con todo o que nela se percibe e vivencia, forma parte da nosa vida cotiá. Deste xeito os campamentos do Forum pretenden que os nenos e nenas da Coruña teñan a posibilidade de ocupar parte do seu tempo de lecer a través de todo tipo de producións plásticas, musicais, motrices, de expresión oral e escrita... e que teñen como finalidade a relación grupal entre os participantes e o descubrimento da súa cidade.

### **Duración**

Haberá quendas de dúas semanas, con actividade de luns a venres das 10:00 ás 14:00 horas: agás o último día de campamento en que se prolongará o horario até as 17:00 h para realizar unha xornada de convivencia, fóra da cidade.

As familias que o desexen poderán solicitar a ampliación de horario de 09:00 a 10:00 h, no momento da inscrición.

### **Quendas**

1.<sup>a</sup> quenda: do 29 de xuño ao 10 de xullo

2.<sup>a</sup> quenda: do 13 ao 24 de xullo

3.<sup>a</sup> quenda: do 27 de xullo ao 7 de agosto

4.<sup>a</sup> quenda: do 10 ao 21 de agosto

### **Participantes**

Poderán participar os/as nenos/as nados/as entre 1998 e 2005, agrupados por idades.

Terán preferencia os menores empadroados no Concello da Coruña.

### **Cota**

O prezo será de 26 euros por participante e quenda.

### **Horarios de inscrición**

Terá lugar no Fórum Metropolitano das 9:00 ás 14:00 h e das 16:00 ás 20:00 h.

### **Proceso de inscrición nos campamentos do Forum**

Realizarase a inscrición no Fórum Metropolitano. Cada participante poderá inscribirse nun máximo de dúas quendas. No caso de non cubrir as prazas, poderase optar ás prazas vacantes nas outras quendas.

### **Datas:**

Do 16 o 19 de xuño poderán inscribirse os nenos empadroados e as nenas empadroadas na cidade da Coruña.

O día 22 de xuño abrirase o prazo de inscrición para as prazas vacantes e os nenos e as nenas empadroados fóra da cidade.

### **Temáticas**

#### **Baixo un manto de estrelas – 1ª quenda**

No 2009 celébrase o Ano Internacional da Astronomía, da que se di é a ciencia máis antiga da humanidade. Descubrir de xeito entretido as estrelas, os planetas, o universo, con prácticas e experimentos, fará de todos nós uns intrépidos coñecedores do máis lonxano.

Saída curta: Casa das Ciencias. Saída longa: Entorno cercano a cidade.

#### **Un misterio por resolver – 2ª quenda**

A través de adiviñas, enigmas e probas buscaremos infinidade de segredos, coñeceremos e descubriremos dunha forma diferente os libros, a cidade, os persoaxes, o medio que nos rodea, e un largo etcétera.

Saída curta: Kiosco Alfonso. Saída longa: Entorno cercano a cidade.

#### **Mitos mariños – 3ª quenda**

A posibilidade de coñecer e descubrir as historias do mar, os seres mitolóxicos que viven nel, as lendas e contos populares achegarannos o mar de forma entretida e moi variada a través de distintas actividades.

Saída curta: Casa dos Peces. Saída longa: Entorno cercano a cidade.

#### **Artistas do cómic – 4ª quenda**

Por medio de distintas expresións plásticas experimentaremos con variados materiais, para poder aventurarnos no mundo do cómic: moitas perspectivas e sobre todo moita imaxinación.

Saída curta: Viñetas do Atlántico Casa das Ciencias. Saída longa: Entorno cercano a cidade.

**CAMPAMENTOS FORUM  
VERÁN 2009**

Nome:.....  
Apelidos:.....  
Data de nacemento:.....  
Domicilio:.....  
Teléfonos de contacto:.....  
D./D.<sup>a</sup>.....  
Con DNI ....., en calidade  
nai, pai ou representante legal do/a solicitante, desexa inscribilo/a no  
programa de Campamentos do Forum 2009, na actividade:

- Baixo un manto de estrelas – 1ª quenda**
- Un misterio por resolver – 2ª quenda**
- Mitos mariños – 3ª quenda**
- Artistas do cómic – 4ª quenda**

Ao mesmo tempo declara que non padece ningunha enfermidade que lle impida realizar actividades físicas.

A Coruña, ..... de xuño de 2009 (Sinatura)

- Ampliación de horario (9:00 a 10:00 h)**

**PAGA : .....,... €**

**CAMPAMENTOS FORUM  
VERÁN 2009**

.....  
**Quedou inscrito/a no programa de Campamentos FORUM  
no Verán 2009 na actividade:**

- Baixo un manto de estrelas – 1ª quenda**
- Un misterio por resolver – 2ª quenda**
- Mitos mariños – 3ª quenda**
- Artistas do cómic – 4ª quenda**

A Coruña, ..... de xuño de 2009

- Ampliación de horario (9:00 a 10:00 h)**

**PAGA : .....,... €**

**FORUM METROPOLITANO**

# Campamentos FORUM 2009<sup>s</sup>



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**